

## Regulamento

### Artigo 1 .-Regulamento

A inscrición á proba implica a total aceptación deste regulamento. O presente regulamento será de estrito cumprimento para todos os participantes da Andaina Solidaria.

### Artigo 2 .-Participación

Os participantes deberán respectar o medio no que se realiza a proba e manter limpo a contorna da mesma. Para iso deberán comer e beber SEN DEIXAR NINGÚN ENVASE FÓRA DOS RECIPIENTES habilitados para tal uso. Os menores de 18 anos deberán ir acompañados por un adulto responsable.

Os beneficios da Andaina serán doados a **Asociación Alcer**, asociación para la lucha de las enfermedades de Riñón.

### Artigo 3 .-A Andaina

O itinerario da carreira será sinalizado con cinta balizadora e sinalética específica creada para a proba.

O percorrido non estará pechado ao tráfico, polo que os deportistas deberán extremar as precaucións e respectar o código de circulación viaria. Durante o transcurso da carreira, os participantes deberán FACER CASO aos MEMBROS DA ORGANIZACIÓN da proba en todo momento.

A andaina consta de 2 rutas de diferente nivel e dificultade.

Unha de 8 km (dificultade baixa media), e outra de 16 km (dificultade baixa media).

### Artigo 4 .-Inscrición

A inscrición iniciárase a partir do 8 de abril a través da páxina web da proba (<https://sportmaniacs.com/c/vi-andaina-solidaria-de-barbadas>) e finalizará o día 8 de maio sempre que non se rematen as prazas ofertadas. Os prezos de inscrición serán de:

**12 euros /adulto**

**5 euros/menor de 11 anos (11 inclusive)**

A inscrición á proba inclúe:

- Dereito de participación.
- Seguro de accidentes e RC
- Bolsa do participante.
- Agasallo conmemorativo do evento.
- Avituallamento nos puntos habilitados.
- Aperitivo o finalizar a proba
- Sorteo as 13.15 h de agasallos co dorsal do participante

## **Artigo 5 . Dorsais**

As dorsais entregaránse día anterior da proba de 11:00 a 13:00 h, e o mesmo día a partir de las 8:15 da mañá, no CIM de Barbadás.

Estará organizado para evitar aglomeracións de xente a propia saída da Andaina. Para recoller o dorsal é necesario presentar una fotocopia del DNI, un documento acreditativo ou xustificante de la inscripción.

Os menores deberán ir acompañados por un adulto responsable.

Na recollida dos dorsais entregaráse unha bolsa con avituallamento líquido e sólido para toda a proba e un agasallo conmemorativo do evento.

A saída será as 9.00 h.

## **Artigo 6 . Cambios**

A organización reservará o dereito a realizar calquer tipo de cambio de carácter organizativo en beneficio dos participantes. Estes cambios , no caso de que se produxeran deberán ser comunicados a través do medio que consideren máis oportuno antes da celebración da proba.

A organización reservará o dereito a suspender, aplazar a proba cando considere que se está en risco a seguridade dos participantes ou si así o dictan as autoridades competentes.

## **Artigo 7. Aceptación do regulamento e declaración:**

O inscribirse libre e voluntariamente, o participante declara coñecer e aceptar plenamente este regulamento. En caso de duda ou de situacións non reflexadas no mesmo, prevalecerá o que disponña a tal efecto a organización. No momento da inscripción o participante declara o seguinte:

Ó inscribirme declaro:

- Coñecer o contido do reglamento do mesmo , aceptándoo na sua totalidade
- Coñezo que a proba discurre nalgúns tramos por vías públicas abertas ó tráfico
- Acepto riscos inherentes a participación nesta proba aberta ó tráfico.
- Comprométome a cumprir as normas da lei de seguridade Viaria e do seu regulamento , velando pola miña seguridade e a do resto de participantes e usuarios da vía pública.
- Eximo a organización ou calquera persona física e xurídica vencellada coa organización da andaina, das responsabilidades derivadas de calquiera accidente de circulación ou deportivo causado como participante da proba.
- Eximo os anteriormente sinalados da responsabilidade en calquer prexucio para a miña saúde que se poida derivar da miña participación

nesta marcha , asumindo os riscos derivados do esforzo físico que exige una proeba destas características.

**Artigo 8. Dereitos de Imaxe:**

A organización poderá utilizar as imaxes, vídeos e son dos participantes durante a proba, incluíndo momentos previos e posteriores, desde a recollida de dorsais, para a promoción e difusión da proba sen ningún límite temporal para utilizalos.